



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ASOCIACIÓN DE ENFERMOS DE RIL (ALCER), PARA A COBERTURA DO SERVIZO DE TRASLADO DE PACIENTES AOS CENTROS DE HEMODIÁLISE NA PROVINCIA DE LUGO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde ten previsto formalizar coa Asociación de enfermos de ril (ALCER) o instrumento convencional arriba referido cun período de vixencia dun ano desde a súa sinatura. Transcorrido o dito prazo o convenio poderá ser prorrogado, por acordo expreso entre as partes, por períodos anuais ata un máximo de tres anos.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Manter un procedemento que permita simplificar as prestacións por desprazamentos dos pacientes da provincia de Lugo afectados por insuficiencia renal crónica que reciben tratamento de hemodiálise nos diferentes centros distribuídos pola provincia, evitando o aboamento individualizado e centralizando a xestión en ALCER.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asina se fundamenta no seguinte:

A provincia de Lugo caracterízase pola gran dispersión residencial dos seus habitantes, con 9.755 entidades de poboación, distribuídas nunha orografía, con frecuencia de difícil acceso. Este feito require, ocasionalmente, un tratamento socio-sanitario diferenciado do ofrecido por aquelas entidades provinciais con importantes concentracións humanas con maior capacidade, por iso, de facilitar a prestación dos servizos asistenciais de alta frecuentación.

O número de visitas de cada unha das persoas, sometidas a tratamento de hemodiálise, ao centro asistencial estímase en 156/ano.

O Decreto 52/2015, do 5 de marzo, polo que se regula o transporte sanitario prevé no apartado primeiro do artigo 26 aqueles traslados que non teñen a consideración de prestación sanitaria obrigatoria, entre os que se atopa o traslado por asistencia continuada, que é o traslado de pacientes desde o seu domicilio a un centro asistencial ou á inversa, por motivos diagnósticos ou terapéuticos. Así mesmo, establece no seu apartado segundo que a planificación, organización e supervisión, así como os gastos ocasionados por estes traslados, poderán ser asumidos polo Servizo Galego de Saúde,





sempre que concorran circunstancias que así o aconsellen e exista crédito orzamentario dispoñible.

A agrupación de persoas usuarias e pacientes na organización dos desprazamentos debe, sen dúbida, optimizar o seu desenvolvemento ao tempo que pretende acadar unha maior satisfacción das persoas usuarias. Neste senso a “Asociación para a Loita na Contra das Enfermidades Renais” (de agora en diante, ALCER) desexa colaborar co Servizo Galego de Saúde na organización desta actividade.

Por todo o exposto, ambas partes acordaron en maio de 2012 subscribir un convenio de colaboración que foi renovado posteriormente e que se desenvolveu a satisfacción das dúas partes.

Polo exposto, non sendo posible promover a concorrência pública desta axuda e dadas as razóns de interese público existente nos traslados dos pacientes afectados por insuficiencia renal crónica por parte de ALCER, de acordo co previsto no artigo 26.2.a) da Lei de subvencións de Galicia, do 13 de xuño, ambas partes acordan formalizar este convenio de colaboración.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria,

